



Concello de Ribeira de Piquín

BANDO

PROGRAMA CHEQUE AUTÓNOMO

O luns día 06 de xullo de 2020 saíu publicada no DOG a orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria sobre o programa Cheque autónomo, coa finalidade de conceder axudas económicas ás persoas traballadoras autónomas ou por conta propia, para facer fronte aos distintos gastos xerados na actual situación económica motivada pola pandemia do COVID-19.

BENEFICIARIOS

- **As persoas traballadoras autónomas ou mutualistas de mutualidade do colexio profesional con domicilio fiscal en Galicia que estean en activo e cumpran os seguintes requisitos:**
 - Que non percibisen prestación extraordinaria por cesamento temporal de actividade motivada pola pandemia do COVID-19.
 - Que teñan unha diminución na facturación superior ao 50 % comparando a facturación do segundo trimestre de 2020 coa do primeiro trimestre de 2020.
 - Que teñan un rendemento neto reducido dos rendementos de actividades económicas declarados na declaración do IRPF anual inferior a 30.000 euros e unha facturación mínima anual de 12.000 euros, IVE incluído, na declaración referida ao ano 2019 (ou do último ano que a presentara).
- **As sociedades de calquera clase e comunidades de bens con domicilio fiscal en Galicia que estean en activo e que cumpran os seguintes requisitos:**
 - Que as persoas traballadoras autónomas societarias non percibisen prestación extraordinaria por cesamento temporal de actividade motivada pola pandemia do COVID-19.
 - Que teñan unha diminución na facturación superior ao 50 % na facturación, comparando a facturación do segundo trimestre de 2020 coa do primeiro trimestre de 2020.
 - A empresa teña unha base impositiva no imposto de sociedades da declaración referida ao ano 2019 (ou á última declaración presentada) inferior a 30.000 euros (segundo o recadro 552 do imposto do sociedades). No caso de entidades que tributen en réxime de atribución de rendas este importe de 30.000 euros refírase ao rendemento neto reducido dos rendementos de actividades económicas declaradas no IRPF da suma de todos os membros da sociedade ou comunidade de bens, que demostrará cunha declaración responsable. Que a sociedade teña unha facturación mínima anual de 12.000 euros, IVE incluído, na declaración referida ao ano 2019 (ou do último ano que a presentase).

Tanto as persoas traballadoras autónomas como as mutualistas e as sociedades deben ter un período mínimo de actividade de 12 meses inmediatamente anteriores á declaración do Estado de alarma.

GASTOS SUBVENCIONABLES E CONTÍA DA AXUDA

- Axuda para gastos loxísticos e de transporte de envíos da empresa comercializadora de produtos finais ao domicilio das persoas consumidoras finais: 3 € por envío contratado con empresas loxísticas externas ata un máximo de 100 a 200 envíos.
- Axuda do 100% para os gastos seguintes: pagamento por estar nalgunha plataforma de e-commerce local, pagamento por licenza de uso de software de venda en liña, publicidade en redes sociais, gastos correntes de seguridade motivadas polo COVID-19 (máscaras, luvas, desinfectante, limpeza, anteparos, asesoramento en prevención de riscos laborais), gastos de subministracións e de telecomunicacións.

A axuda máxima será de 1.800 €.

PRAZO DE SOLICITUDES:

O prazo de presentación de solicitudes será **DUN MES** desde o día seguinte a data de publicación desta orde no DOG.

Para calquera información contactar co Técnico de Emprego no Concello de Ribeira de Piquín, que estará á súa disposición os xoves e os venres de 9:00 a 14:00 horas.

Ribeira de Piquín, 10 de xullo de 2020.

O Alcalde.

Asdo.- Roberto Fernández Rico

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

